



# TALLER DE RECICLAXE E CONSUMO RESPONSABLE

Educación medioambiental para tod@s  
mediante a metodoloxía ApS

Responsables:

María José Abad López e Ana Isabel Ares Pernas

Curso: 2021/22

Escola Universitaria Deseño Industrial



# OBXETIVOS E DESENVOLVEMENTO

O reto

Mellora da educación medioambiental de persoas con diferentes necesidades

Contextualización

24 estudantes de 4º curso da materia Deseño e Procesado con Polímeros do Grao en Enxeñería en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto.

En colaboración coas entidades AFAL Ferrolterra e TEIMA Down

Produto: taller consistente en vídeo-respostas adaptadas ás persoas usuarias para atender as súas dúbidas e inquedanzas, co obxectivo de mellorar a súa concienciación e educación medioambiental

A acción do  
servizo



Elaboración de un taller mediante TEAMS onde o alumnado contestou as dúbidas das persoas usuarias sobre separación e reciclaxe de plásticos, reutilización de envases plásticos, etc. As respostas foron elaboradas en distintos formatos: animacións, vídeos, presentacións, xogos, etc, sempre adaptadas ao perfil da persona usuaria á que ían dirixidas: persoas con síndrome de Down, e persoas maiores con Alzheimer. Posteriormente, os traballos realizados foron subidos ao videoblog existente para a actividade de ApS.

A acción de  
aprendizaxe  
(competencias)

- Aplicación de habilidades e coñecementos impartidos na materia
- Capacidade de deseño, redacción e dirección de proxectos en todas as fases
- Capacidade de organización, planificación, análise e síntese
- Traballar de forma colaborativa. Dinámicas de grupo e traballo en equipo
- Conciencia da realidade social e da utilidade para cambiala
- Cidadanía responsable



### ¿Lleva plástico la ropa?

**SÍ!**

Como lo has oído, todo lo que tapa nuestro cuerpo está hecho de fibras plásticas que hacen que la ropa tengan la apariencia y el color de moda.

Si echamos un vistazo a las etiquetas de la ropa, veremos que en sus materiales lleva poliámido, poliéster, nylon o acrílico. Todas estas se suelen mezclar con otras para obtener la tela deseada.

### Reciclando botellas en ladrillos.

1. Las botellas de plástico se tritura y compacta.
2. El plástico lo fundimos y inyectamos en un molde.
3. Ya tenemos los ladrillos.

10 botellas, 1L = 1 Ladrillo

# CRONOGRAMA

Setembro	Selección do alumnado e formación dos equipos de traballo. Asignación do perfil de usuario ou usuaria.
Outubro	Reunión cas responsables das entidades e personas usuarias. Definición das pregunta e temas a tratar no taller. Preparación dos guións e materiais Recollida de reflexións iniciais dxs estudantes. Tutorización e seguimento dos traballos.
Novembro	Preparación dos materiais para o taller en distintos formatos: videos, xogos, presentacións Tutorización e seguimento dos traballos.
Decembro	Realización do taller mediante videoconferencia coas das entidades. Recollida das reflexións finais dxs estudantes, entidades e profesorado. Avaliación dos resultados da actividade e das competencias acadadas polo alumnado, segundo a rúbrica. Debate en común (alumnado titores) dos

# AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE

## POLOS DISTINTOS AXENTES

a) A entidade colaboradora

b) As profesoras da UDC

Tanto por parte da entidade coma por parte das profesoras da UDC, a avaliación é moi positiva. As responsables de Teima e AFAL desatacaron a implicación do alumnado, a calidade dos traballos realizados e a metodoloxía utilizada para transmitir os contidos. Despois da avaliación das titoras, pódese destacar o esforzo dxs estudantes da UDC por promover o consumo responsable reducindo a xeración de residuos plásticos e o seu impacto. Os traballos propostos son orixinais e innovadores, e iso foi valorado positivamente na avaliación.


A creación do videoblog fai que os traballos permanezan no tempo e poidan ser aproveitados polxs usuarixs actuais e futuros.

Coma punto feble destaca que o contacto coas persoas usuarias foi escaso, por mor da situación sanitaria.

d) O alumnado da UDC

A valoración do alumnado da UDC foi moi positiva como se reflexa nos resultados das enquisas mostradas na esquerda.

RESULTADOS ENQUISAS ALUMNXS DA UDC





# AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE

## Reflexións finais dos estudantes da UDC

“Creo que a actividade sí que tivo impacto nos usuarios, pero o feito de ser desenvolto de maneira en liña, dificultou un pouco conectar coas persoas”.

“A comprensión dos distintos tipos de polímeros faralles reflexionar á hora de usar plásticos e a comprensión do uso dos mesmos e posibilidades que teñen”.

”Gustaríame aprender un pouco máis sobre as persoas con Síndrome de Down, xa que creo que hai moita desinformación sobre o tema”.

“A actividade tivo un impacto positivo na vida das personas usuarias por brindarles a oportunidade de relacionarse con persoas que normalmente non adoitan ver e falar de temas novos. Creo que lles axuda a saír dá rutina e sentirse útiles”.



¿Se pueden volver a utilizar las botellas de plástico?



# CONCLUSIONS

- ✓ O alumnado da UDC promoveu a educación medioambiental elaborando respostas as preguntas e dúbidas dos usuarios adaptadas aos distintos perfíles e presentando o resultado nun taller on line.
- ✓ O alumnado demostrou acadar os obxectivos académicos, dada a calidade do traballo e o interese amosado durante toda a actividade
- ✓ Todos os axentes implicados mostraron a súa satisfacción coa actividade e o seu interese por repetir a experiencia.
- ✓ Academicamente, o alumnado adquiriu os coñecementos da materia con maior facilidade que os seus compañeirxs, pola vantaxe que supón a aprendizaxe baseada na experiencia.
- ✓ A avaliación das competencias, tanto da materia como as transversais resulta máis doada porque se pode observar e avaliar ao alumnado e ao grupo durante todo o proceso.
- ✓ Trala actividade, o alumnado valora a importancia do seu traballo no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

